## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Categorías de Protección e Recursos dos Bens Patrimoniais. Monumentos e Conxuntos Históricos

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Materia | Categorías de Protección e Recursos dos Bens Patrimoniais. Monumentos e Conxuntos Históricos | | | |
| Código | O02M054V01109 | | | |
| Titulación | Mestrado Universitario en Historia, Territorio e Recursos Patrimoniais | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 3 | OB | 1º | 1c |
| Lingua de impartición | Castelán | | | |
| Departamento | Dpto. Externo<br>Historia, arte e xeografía | | | |
| Coordinador/a | Barriocanal Lopez, Maria Yolanda | | | |
| Profesorado | Barriocanal Lopez, Maria Yolanda<br>Carballo-Calero Ramos, Maria Victoria Catalina<br>Soraluce Blond, Jose Ramón | | | |
| Correo-e | barriocanal@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | O presente curso ten por obxecto a análise da conservación e principais causas da perda do patrimonio arquitectónico herdado no conxunto da cultura contemporánea dos países occidentais. Nos seus contidos abórdase tamén a forma en que se desenvolveron no noso país os procesos de tutela e protección do patrimonio cultural para poder comprender, dende ese coñecemento a súa situación actual e as expectativas de cara ao seu futuro.<br>Este obxectivo xenérico desenvólvese en dous aspectos complementarios: a análise do marco institucional e do desenvolvemento da normativa histórico-artística que incidiu sobre o patrimonio arquitectónico e a análise, malia a teoría e a práctica da restauración, da destrución de boa parte da arquitectura histórica. | | | |

## Competencias de titulación

| Código | |
|---|---|
| A6 | Coñecer e saber aplicar a lexislación vixente sobre o patrimonio cultural, así como a das institucións relativas ao tratamento e á protección. |
| A7 | Adquirir a capacidade para discriminar e valorar as distintas manifestacións do patrimonio así como interpretar e utilizar as normas de aplicación deste. |
| B1 | Analizar, sintetizar e interrelacionar feitos e conceptos histórico-xeográficos e artísticos dende unha perspectiva crítica. |
| B2 | Establecer hipóteses a partir de datos dispoñibles e proceder á súa confirmación ou refutación mediante a aplicación dunha metodoloxía científica. |

## Competencias de materia

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|
| Analizar, sintetizar e interrelacionar feitos e conceptos histórico-xeográficos e artísticos dende unha perspectiva crítica. | B1 |
| Establecer hipóteses a partir de datos dispoñibles e proceder á súa confirmación ou refutación mediante a aplicación dunha metodoloxía científica. | B2 |

| | |
|---|---|
| Coñecer e saber aplicar a lexislación vixente sobre o patrimonio cultural, así como das institucións relativas ao tratamento e á protección. | A6 |
| Adquirir a capacidade para discriminar e valorar as distintas manifestacións do patrimonio así como interpretar e utilizar as normas de aplicación deste. | A7 |

## Contidos

| Tema | |
|---|---|
| 1. A PROTECCIÓN DO PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO. DESENVOLVEMENTO E EVOLUCIÓN DA NORMATIVA HISTÓRICO-ARTÍSTICA<br>2. O PATRIMONIO NA HISTORIA<br>3. A DESTRUCIÓN METÓDICA DO PATRIMONIO | 1.1.. Bens integrantes do patrimonio histórico español.<br>1.2. Categorías e procedementos de integración no patrimonio histórico.<br>1.3. O concepto de monumento e o seu marco ou ámbito. conxuntos históricos. A noción dos conxuntos-itinerarios.<br>2.1. A arquitectura e o patrimonio nos documentos gráficos.<br>2.2. As arquitecturas sen rostro.<br>3.1. Viollet Le Duc e a destrución revolucionaria do patrimonio en Francia.<br>3.2. Incidencia das desamortizacións no patrimonio español.<br>3.3. As dúas Guerras Mundiais e o patrimonio europeo |

## Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Saídas de estudo/prácticas de campo | 8 | 20 | 28 |
| Titoría en grupo | 3 | 3 | 6 |
| Sesión maxistral | 12 | 15 | 27 |
| Probas de resposta longa, de desenvolvemento | 2 | 12 | 14 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|---|
| Saídas de estudo/prácticas de campo | Actividades desenvolvidas nun contexto externo ao ámbito académico universitario (monumentos, espazos ou itinerarios culturais) relacionadas co ámbito de estudo da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades relacionadas para a observación directa e a aplicación de supostos dende o punto de vista normativo de protección e restauración do patrimonio cultural. |
| Titoría en grupo | Orientación aos alumnos/as sobre os contidos e preparación das actividades e proba de avaliación. |
| Sesión maxistral | Exposicións nas que o alumnado se familiarizará coa singular relevancia cuantitativa e cualitativa do patrimonio arquitectónico, da evolución do seu marco normativo e natureza xurídica e do reto da súa conservación en épocas de crise. |

## Atención personalizada

| **Metodoloxías** | **Descrición** |
|---|---|
| Saídas de estudo/prácticas de campo | O profesorado aplicará unha atención personalizada ao alumnado para a súa orientación no logro dos obxectivos vinculados ao programa formativo, para que coa axuda de cantos documentos sexan necesarios (normativas, informes, memorias de restauración, documentos gráficos etc.), se apliquen como instrumentos na valoración do ben cultural obxecto da saída de estudo. |
| Titoría en grupo | O profesorado aplicará unha atención personalizada ao alumnado para a súa orientación no logro dos obxectivos vinculados ao programa formativo, para que coa axuda de cantos documentos sexan necesarios (normativas, informes, memorias de restauración, documentos gráficos etc.), se apliquen como instrumentos na valoración do ben cultural obxecto da saída de estudo. |

## Avaliación

| | Descrición | Cualificación |
|---|---|---|
| Saídas de estudo/prácticas de campo | Participación e aproveitamento nas actividades desenvolvidas nun contexto externo ao ámbito académico. | 30% |
| Titoría en grupo | Asistencia a titorías. | 20% |
| Sesión maxistral | Asistencia ás sesións maxistrais de carácter teórico. | 30% |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

## Bibliografía. Fontes de información


ALEGRE AVILA, J. M., **Evolución y régimen jurídico del Patrimonio Histórico**, Ministerio de Cultura,

ALONSO IBAÑEZ, Mª R., **El Patrimonio Histórico. Destino público y valor cultural**, Ed. Civitas,

ALVAREZ ALVAREZ, J. L., **Estudios sobre el Patrimonio Histórico Español y la Ley de 25 de junio de 1985**, Ed. Civitas,

BARREIRO RODRIGUEZ, C., **La ordenación jurídica del Patrimonio Histórico**, Ed. Civitas,

CALAMA, J. Mª; GRACIANI, A., **La Restauración monumental en España. De 1900 a 1936**,

ALONSO IBAÑEZ, Mª R.: Los espacios culturales en la ordenación urbanística, Universidad de Oviedo-Marcial Pons, Madrid, 1994.

ALONSO IBAÑEZ M. R.: Los espacios culturales en el ordenación urbanística, Universidad de Oviedo-Marcial Pons, 1994.

ALVAREZ, J. L.: Sociedad, Estado y Patrimonio Cultural, Espasa Calpe, Madrid, 1992.

BENITEZ DE LUGO Y GUILLEN, F.: El Patrimonio Cultural Español (Aspectos jurídicos, administrativos y fiscales), Comares, Granada, 1995.

BENSUSAN MARTIN, Mª P.: La protección urbanística de los bienes inmuebles históricos, Comares, Granada, 1996.

CAPITEL, A.: Metamorfosis de monumentos y teorías de restauración, Madrid, 1988.

FERNANDEZ PARDO, F.: Dispersión y destrucción del Patrimonio Artístico Español, (5 tomos), Madrid, 2007.

GARCIA-ESCUDERO, p.; PENDAS GARCIA, B.: El nuevo régimen jurídixo del Patrimonio Histórico Español, Ministerio de Cultura, Madrid, 1986.

ROCA ROCA, E.: El Patrimonio Artístico y Cultural, Instituto de Estudios de Administración Local, Madrid, 1976.

## Recomendacións

## Outros comentarios

A materia «Categorías de protección e recursos dos bens patrimoniais. Monumentos e conxuntos históricos» será impartida polos profesores:
- BARRIOCANAL LÓPEZ, Yolanda. Profesora Titular de Historia da Arte. Facultade de Hisoria. Universidade de Vigo
- CARBALLO-caleiro RAMOS, Mª Victoria. Catedrática de Historia da Arte. Facultade de Historia. Universidade de Vigo.
-Profesor Invitado. SORALUCE BLOND, José Ramón. Catedrático de Composición Arquitectónica (Historia da Arte). Departamento de Composición da Escola Técnica Superior de Arquitectura. Universidade da Coruña.